

MEMORIAS DE UN CUERPO QUE ARDE

1536

Antonella Sudasassi Furniss, 2024

ESTREA EN NUMAX: 16.06.2025 | V.O. | +16 | 90 min

Ao medrar nunha época represiva na que a sexualidade era un tema tabú, Ana, de 68 anos, Patricia, de 69 e Mayela, de 71, desenvolveron a súa concepción do que significa ser muller baseándose en normas tácitas e expectativas implícitas. Agora atrévense a falalo abertamente. Os recordos, os segredos e anhelos das tres entrelázanse de forma poética, mentres as mulleres contan as súas historias fóra da pantalla, enchen o corpo doutra muller da súa xeración que encarna as súas vidas.

Especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Intelixentes, resistentes e incrivelmente sinceras, as voces que protagonizan este filme demostráanos que nunca é demasiado tarde para reinventarnos»

Giorgia Del Don, CINEUROPA



Entrevista con Antonella Sudasassi Furniss: «Fago cinema porque outras mulleres o fixeron antes ca min, ter eses referentes foi fundamental»

Como ves o feito de que *Memorias de un cuerpo que arde* dialogue con dous filmes que están a ter un balbordo internacional e que abriron moitos debates como o son *Babygirl* (Halina Reijn) e *A substancia* (Coralie Fargeat)?

Definitivamente, hai unha procura por retratar ou tratar eses temas, eses canons de beleza tan absurdos que se impoñen aos corpos femininos e esa sexualidade na madurez que se abordan desde distintos lados. A inquietude que xorde é a mesma: ter protagonistas femininas, ter visibilidade e personaxes máis complexos que buscan. Non en balde, esas películas están feitas por directoras. Aí hai unha cuestión de vernos, de ver as nosas inquedanzas reflectidas e respondidas en pantalla, e creo que precisamente por iso facemos cinema, porque estamos con moitas preguntas sen responder. A través das historias abordamos eses temas que quizais se nos escapan. E é a través da exploración artística que imos respondendo e atopando respostas.

Outro dos grandes riscos que asumiches foi decantarte pola docuficción. Pódese falar de vantaxes e desvantaxes dese xénero? Obviamente a película tivo un reto formal importante porque parte dunha investigación documental. Ao empezar a falar con elas e solicitarlle o anonimato, xa de seu presentábase un reto que había que resolver. A idea de traballar con actrices débese a iso, para mostrar eses corpos, esas historias e sentilas na pel. Foi desafiante o desenvolvemento da película porque moitas veces o que nos preguntaban era que se ía a ver en pantalla, e custaba entendelo. Tamén creo que hai unha cuestión das etiquetas que a industria foi abandonando un pouco, xa esa delimitación entre documental e ficción está bastante borrada porque é entender que non hai nada veraz. É unha exploración artística dun feito real como o pode ser tamén unha ficción, polo que hai que ir borrando esas liñas e máis ben gozar as películas polo que son.

Onde atopas a valentía para lanzarte ao baleiro en *El despertar de las hormigas* (2019) e agora en *Memorias de un cuerpo que arde*? Fago cinema porque había outras mulleres que o fixeron antes ca min, ter eses referentes foi fundamental porque me fixo crer que eu podía. Sempre hai un camiño antes, que abriron outras colegas en Costa Rica, seguino e é lindo tamén ser camiño para outras que virán. Por outra banda, creo que dalgunha forma tanto *Memorias de un cuerpo que arde* como *El despertar de las hormigas* xorden de confrontarse coa realidade de que Costa Rica é sumamente conservadora, onde falar sobre a sexualidade feminina segue sendo un gran tabú.

Son filmes que saen pois desde un lugar moi visceral que era o querer poñer en pantalla estas cousas das que non falamos. Tamén o retratar esas violencias que acompañan estes temas, porque cando non se falan as cousas, xéranse moitas violencias ao redor. Non se trata de ser valente ou non, senón de facer esa busca, de responder tamén a todas esas preguntas e inquedanzas que eu tiña e seguir o instinto creativo da relevancia deses temas aos que hai que darlles unha voz e un espazo. E, que mellor lugar que a pantalla que pon unha lupa e os magnifica? Entón é tamén aproveitar a oportunidade que brinda o cinema para xerar un diálogo.